

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba o Regulamento de símbolos das entidades locais de Galicia
- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Profesional de Detectives Privados e Privadas de Galicia

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se desiste da expropiación forzosa acordada polo Decreto 26/2009, do 12 de febreiro, polo que se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o Complexo Hospitalario de Montecelo-Pontevedra

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Ponteareas, para a execución da obra do anteproxecto ETAP de Ponteareas. 1ª fase. Concello de Ponteareas (Pontevedra), clave OH.236.656, por importe dun millón cento catro mil novecentos catorce euros con catro céntimos (1.104.914,04€)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e o Concello de Esgos, para a execución das obras de reforma da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Esgos, abastecemento de auga de Pardeconde e saneamento en Tarreirigo e Lampazas, por un importe de cento noventa mil seiscientos noventa e cinco euros (190.695,00 €)

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Avión, para a execución de obras en materia de urbanismo, por un importe de trescentos corenta mil trescentos corenta e cinco euros con setenta céntimos (340.345,70 €)

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se declara como de incidencia supramunicipal o proxecto sectorial do Parque Arqueolóxico do Megalístico na Costa da Morte (A Coruña), para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10% da subvención no momento da concesión na Orde pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2010, e se autoriza a realización de pagamentos á conta superiores ao 80% da porcentaxe na dita orde

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Fundación Semana Verde de Galicia (FSVG), para a promoción das actividades definidas no programa de recuperación, conservación e fomento dos recursos zooloxénicos autóctonos de Galicia en perigo de extinción, por un importe total de seiscentos mil euros (600.000,00€)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta (ASOPORCEL), para a execución de determinadas actividades de recuperación, conservación e fomento da raza porcina 'porco celta', por un importe total de douscentos oitenta mil euros (280.000,00€)

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o obxectivo de estabilidade: avance acerca do seu cumprimento

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre os plans de actuación do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) para o ano 2010

PRESIDENCIA FARÁ MÁIS ÁXIL E EFICIENTE A ELECCIÓN E APROBACIÓN DOS SÍMBOLOS DAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto que refunde nunha única norma legal toda a anterior regulación normativa da Comunidade existente na materia*
- *O texto regula a composición e funcións da Comisión de Heráldica e as normas reguladoras de adopción, modificación ou rehabilitación dos símbolos das entidades locais galegas*
- *Tamén establece as prohibicións de utilización dos símbolos, como por exemplo, cando vulneren os principios constitucionais, lesionen dereitos fundamentais, inciten á violencia ou transmitan mensaxes sexistas*

O Consello da Xunta de hoxe deu o visto e praxe ao decreto polo que se aproba o Regulamento de símbolos das entidades locais de Galicia, entendendo como tales os escudos e bandeiras de cada concello. En concreto, esta norma regula a composición e funcións da Comisión de Heráldica, e as normas reguladoras -incluídas as procedementais- de adopción, modificación ou rehabilitación dos símbolos das entidades locais galegas.

Coa elaboración do presente decreto preténdese que a elección e aprobación dos símbolos das corporacións locais sexa máis áxil e eficaz, preservando ao máximo o principio da autonomía municipal e establecendo, pola súa vez, unha nova regulación da súa organización e funcionamento; evitando duplicidades, regulando aspectos antes esquecidos e empregando unha linguaxe non sexista. O texto refunde nunha única norma legal toda a anterior regulación normativa da Comunidade Autónoma galega existente na materia, outorgándolle unha maior claridade expresiva e lóxica interna.

Composición e funcións da Comisión de Heráldica

Segundo recolle o decreto, a Comisión de Heráldica é un órgano consultivo da Xunta de Galicia, adscrita á consellería competente en materia de réxime local -Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza-. As súas funcións son a emisión de informes vinculantes nos procedementos de aprobación, modificación ou rehabilitación dos símbolos das entidades locais galegas; a elaboración de propostas en tales procedementos o asesoramento aos órganos da Xunta, corporacións locais e entidades públicas ou privadas que soliciten o seu ditame.

A composición desta comisión estará formada polo director xeral de Administración Local, Norberto Uzal, que será o seu presidente; un vicepresidente elixido polo conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e cinco vogais, dos cales catro serán elixidos pola consellería e o quinto pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). Estes membros serán nomeados por un período

de cinco anos. Ademais, poderán asistir ás sesións da Comisión persoal técnico da Administración co obxecto de asesorar e colaborar nas súas reunións.

Adopción, modificación ou rehabilitación dos símbolos

No texto recóllese que os plenos das entidades locais teñen a facultade de adoptar por maioría absoluta os acordos relativos á adopción, modificación ou rehabilitación dos símbolos das entidades locais galegas a través de dous procedementos: que o concello solicite a elaboracións das correspondentes propostas á Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia ou que sexa el mesmo o que elabore a súa proposta. En ambas opcións, os seguintes pasos, trala aprobación no pleno da proposta, serán sometela a información pública, remitir o expediente á Comisión Heráldica e aprobala o Consello da Xunta.

Prohibicións de símbolos

Por último, outro dos aspectos salientables do decreto é que establece amplamente as prohibicións de utilización dos símbolos. Neste sentido, quedan prohibidos os que non fosen aprobados polo Consello da Xunta de Galicia ou que incorporen no seu deseño siglas, anagramas ou logotipos de partidos políticos, sindicatos, organizacións empresariais e demais asociacións e entidades privadas. Así mesmo, tamén se prohibirán aqueles outros que impliquen vulneración dos principios constitucionais, lesionen dereitos fundamentais, fomenten ou inciten á violencia en calquera das súas manifestacións ou transmitan mensaxes discriminatorias ou degradantes da imaxe da muller.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS ESTATUTOS DO COLEXIO PROFESIONAL DE DETECTIVES PRIVADOS E PRIVADAS DE GALICIA

- *Entre os seus fins están o ordenamento do exercicio da profesión, combater a intrusión profesional e regulamentar a profesión mediante normas técnicas e éticas de actuación*

O Consello da Xunta, na súa reunión semanal de hoxe aprobou o decreto polo que se regulan os estatutos do Colexio Profesional de Detectives Privados e Privadas de Galicia, creado pola Lei 1/2008 do 17 de abril, aprobada polo Parlamento de Galicia.

O texto establece que para o exercicio da profesión de detective privado e privada requírese estar en posesión da correspondente habilitación do ministerio competente en materia de interior e ter a nacionalidade dun dos Estados membros da Unión Europea ou dun Estado terceiro ao cal a UE lle aplique o principio de liberdade de circulación de profesionais. Estes estatutos aprobados do Colexio Profesional de Detectives Privados e Públicos de Galicia, reúnen os requisitos establecidos na Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade autónoma, tanto no que respecta ao contido estatutario como ao procedemento de tramitación.

O Colexio de Detectives Privados e Privadas busca conseguir varios fins: representar os intereses da profesión ante terceiros, asegurarse de que a actividade profesional ofrezca á sociedade as garantías de calidade e competencia; regulamentar a profesión mediante normas técnicas e éticas de actuación; combater a intrusión profesional; exercer a función disciplinaria; fomentar o desenvolvemento da profesión e o perfeccionamento da lexislación sobre as materias que o afectan.

Segundo o texto, a incorporación ao colexio é obrigatoria para o exercicio da profesión de detective privado, tanto autónomo, como asociado ou por conta allea, cando o despacho profesional en que se exerza a dita profesión radique na Comunidade autónoma. Soamente os profesionais colexiados poderán empregar a denominación *detective privado*. Os profesionais titulados vinculados coa Administración pública non necesitarán estar colexiados para o exercicio das funcións puramente administrativas, pero si será obrigatoria a colexiación para o exercicio da actividade privada.

Dereitos e deberes

Os colexiados terán entre os seus dereitos apoiar e defender o Colexio; exercer as funcións propias do detective privado, elixir e ser elixidos para ocupar cargos na Xunta de Goberno; participar na adopción de acordos da Xunta Xeral, comisionar ao Colexio para os servizos de asesoramento xurídico; cobramento de soldos, remuneracións ou minutas profesionais. Tamén os colexiados terán dereito a

empregar a denominación de *detective privado*, e a dispor do visado profesional para a emisión de todo tipo de informes.

Por outra banda, nos deberes dos colexiados inclúense exercer a profesión segundo as normas deontolóxicas e estatutarias establecidas; defender os intereses dos usuarios dos servizos profesionais, cumprir o disposto nos estatutos; acatar as resolucións da Asemblea e aboar as taxas e cotas. Ademais, tamén deberá empregar o visado colexial para a emisión de calquera tipo de informe profesional.

Os órganos de representación do Colexio son a Asemblea Xeral, a Xunta de Goberno e o Presidente. A Asemblea Xeral é o órgano supremo do Colexio, está constituída por todos os colexiados e adoptará os seus acordos por maioría e en concordancia cos estatutos. A Xunta de Goberno estará formada por un presidente, un vicesecretario, un tesoureiro e tres vogais, todos eles elixidos de forma directa e durante catro anos. Á Xunta de Goberno correspóndelle a dirección e organización do colexio.

SANIDADE DEIXA SEN EFECTO A EXPROPIACIÓN DOS TERREOS PARA A REALIZACIÓN DO PLAN SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL DO HOSPITAL DE MONTECELO

- *Xa que non son necesarios, posto que a infraestrutura sanitaria que estaba prevista nos arredores do actual Hospital de Montecelo non se vai realizar por falta de viabilidade do proxecto funcional*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou un Decreto polo que se desiste da expropiación forzosa acordada polo Decreto 26/2009, do 12 de febreiro, mediante o que se dispoñía a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o Complexo Hospitalario de Montecelo-Pontevedra.

O estudo das necesidades asistenciais da poboación do concello de Pontevedra e a súa área sanitaria levou á conclusión de que o plan funcional previsto non era o adecuado, polo que foi necesaria a busca doutra situación para o que será o hospital único da cidade do Lárez. En consecuencia, e debido á falta de viabilidade do proxecto de ampliación do hospital de Montecelo, a ocupación dos terreos e, en definitiva, a continuidade da expropiación, é completamente innecesaria.

Por este motivo non ten xustificación manter afectados os terreos previstos inicialmente, xa que non son necesarios para o servizo sanitario. Procede, pois, deixar sen efecto a expropiación, xa que os terreos afectados non foron ocupados en ningún momento nin se elaborou o seu xustiprezo.

Cómpre sinalar, así mesmo, que este proxecto de decreto non comporta ningún gasto para a Comunidade autónoma.

A XUNTA CONSTRUIRÁ UNHA ESTACIÓN DE TRATAMENTO DE AUGA POTABLE PARA DAR SERVIZO A MÁIS DE 11.000 HABITANTES DO CONCELLO DE PONTEAREAS

- *A obra suporá un investimento de 1,3 millóns de euros, dos cales a Xunta achega o 80% e o municipio pontevedrés o 20% restante*
- *As actuacións centraranse na construción dunha estación de tratamento (ETAP) e nun depósito de 2.000 m³ de capacidade no lugar da Xesta, así como na mellora da captación do río Tea*
- *As obras teñen un prazo de execución de doce meses*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a colaboración técnico-financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Ponteareas para a execución do anteproxecto da primeira fase da estación de tratamento de auga potable, cuxo importe ascende a máis de 1,3 millóns de euros.

A Xunta de Galicia realizará unha achega económica de máis de 1,1 millóns de euros distribuídos en dúas anualidades: 500.000 euros no presente ano e 604.914 euros no vindeiro 2011. Esta achega do Goberno galego supón o financiamento do 80% da actuación hidráulica. Deste xeito, o Concello de Ponteareas contribuirá á achega do restante 20%, o que significa unha achega de 276.228 euros, repartidos en dous exercicios de 138.114 euros.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante estas colaboracións económicas con entidades locais pretende o desenvolvemento dos municipios en materia de infraestruturas, así como a mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

Instalación dun depósito

O citado anteproxecto ten como fin primordial definir as obras necesarias para a construción dunha estación de tratamento de auga potable de 60 l/s en Ponteareas, próxima ao depósito regulador xa existente na Xesta, lugar onde se instalará un novo depósito cunha capacidade de 2.000 m³.

Esta nova infraestrutura hidráulica, con muros de 6 metros de altura en formigón armado e cuberta de lousa, terá planta circular de 21,3 metros de diámetro interior e 5,6 metros de altura de lámina de auga. Conectarase á condución de auga tratada na estación e sairá logo á condución de distribución existente. Na execución da segunda fase desta actuación tentarase a ampliación da capacidade de tratamento ata os 120 l/s.

Os equipos instalaranse no interior dunha edificación pechada con espazo suficiente para albergar as infraestruturas da segunda fase. Por unha parte, a estación constará dunha liña de auga con medidor e regulador de cloro, de turbidez da auga bruta ou de nivel de ph. Ademais, dispón de indicador de temperatura da auga ou equipos de decantación, filtración ou desinfección. Por outra parte, a estación contará cunha liña de deshidratación de lodos con espesador, filtro e contedor. Posteriormente, levaranse a cabo as instalacións sanitarias e eléctricas precisas.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas tamén prevé a mellora da captación no río Tea, na Freixa, en Pontearreas. Así, o obxectivo reside na ampliación da capacidade existente na actualidade. Cómpre sinalar que o anteproxecto inclúe a reposición dos servizos e pavimentos afectados polas obras.

As citadas actuacións hidráulicas, cuxo prazo de execución é de doce meses, beneficiarán mais de 11.000 habitantes do concello de Pontearreas.

MEDIO AMBIENTE DESTINA CASE 200.000 EUROS Á EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DA EDAR DE ESGOS E AO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE TRES NÚCLEOS DESTE CONCELLO OURENSÁN

- *O proxecto comprende a mellora da rede de abastecemento e saneamento, a través da instalación de tubaxes e a construción de pozos e sumidoiros*
- *A Administración hidráulica de Galicia financia o 100% das actuacións*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Esgos para a execución das obras de reforma da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR), do saneamento das zonas de Tarreirigo e Lampazas e o abastecemento de auga de Pardeconde. O importe total desta actuación ascende a case 200.000 euros, divididos en dúas anualidades, polo que neste ano se investirán 70.695 euros e 120.000 no vindeiro exercicio. Esta actuación está prevista no Plan Hidrolóxico de Galicia, promovido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Cómpre salientar que este tipo de colaboración técnico-financeira do Goberno Galego con entidades locais en materia de obras hidráulicas-sanitarias lles corresponde á Administración hidráulica de Galicia. Esta entidade, dependente do departamento que dirixe Agustín Hernández, financia o 100% destas accións, que teñen como principal obxectivo sufragar e compensar a escasa capacidade financeira dos concellos.

Características técnicas

As actuacións neste municipio ourensán centraranse en levar a cabo as obras de reforma da EDAR, así como en dotar os diferentes núcleos dos servizos mínimos municipais de saneamento e abastecemento de auga potable.

Neste momento, as instalacións de abastecemento no núcleo de Pardeconde teñen unha captación insuficiente e contan cun depósito deteriorado que impide a prestación do servizo de en condicións óptimas, polo que é necesario facer dúas novas captacións, coas súas correspondentes gabias drenantes e conducións dirixidas a un novo depósito regulador que substitúa o actual. Nese sentido, executarase dúas novas captacións mediante pozos e colocaranse 487 metros de condución en polietileno ata un novo depósito regulador. Este depósito, con 25 m³ de capacidade, substituirá ao actual e se construírá en formigón.

Nos núcleos de Tarreirigo e Lampazas levaranse a cabo actuacións no saneamento. No primeiro destes núcleos defínirase os treitos de saneamento e abastecemento capaces de dar servizo a unha zona de importante crecemento industrial. Así, o abastecemento consiste en 210 metros de tubaxe de polietileno e a rede de saneamento estará composta de colectores de PVC de 315 e 200 mm de diámetro,

sumando un total de 1.017 metros, con inicio no mesmo punto que o abastecemento e que se prolongará por ambas as marxes da estrada OU-536, en dirección Ourense.

No caso de Lampazas, instalarase unha nova fosa séptica de tratamento biolóxico de augas residuais composta por desbastador, aliviadoiro de crecidas, filtro biolóxico e decantador-dixestor (ambos prefabricados de formigón) con cámara de descarga, conectada á rede de saneamento actual por 55 m de colector.

Por último, na EDAR de Esgos enmendaranse as deficiencias estruturais e de funcionamento da dita estación depuradora, polo que se instalarán novos sistemas de desbastamento e grosos e cribado de sólidos finos, para reter partículas de ata 3 mm. Ademais, mellorarase os sistemas de aireación da planta con novas soplantes, parrilla de difusores, e substituirase o cadro eléctrico.

Estas carencias deben ser resoltas ante as necesidades expostas polos veciños e para incrementar a calidade do municipio, xa que neste momento os servizos mencionados presentan un déficit de infraestruturas.

Estas actuacións que se levarán a cabo no concello ourensán de Esgos benefician unha poboación que ascende a máis de 1.300 habitantes de todo o municipio.

MEDIO AMBIENTE ACHEGA MÁIS DE 340.000 EUROS Á ADECUACIÓN DA PRAZA DA IGREXA DE SAN XUSTO E PASTOR NO CONCELLO DE AVIÓN

- *Ao remate das obras, este espazo do concello ourensán pasará a formar parte do patrimonio público municipal*
- *Con esta colaboración do Goberno galego, permitirase recuperar un núcleo moi degradado, que require dunha intervención que cubra as necesidades da poboación de Avión*
- *As accións concretas que se realizarán serán demoler o palco da música e un almacén, introducir un sistema de evacuación de augas pluviais e escorrentías, e implantar os servizos urbanísticos e o mobiliario*
- *Estas obras mellorarán a calidade de vida dos 2.610 habitantes que conforman o concello de Avión, en Ourense*
- *Con este tipo de proxectos, a Consellería de Medio Ambiente pretende mellorar os contornos urbanos, suprimir as barreiras arquitectónicas e potenciar os equipamentos públicos*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou o proxecto de acordo que establece a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co concello ourensán polo que se financiará a rehabilitación da praza da Igrexa de San Xusto e Pastor. O orzamento desta actuación ascende a 340.345 euros, que achegará a Xunta na súa totalidade.

Esta colaboración, que quedará formalizada a través da sinatura dun convenio, ten como obxectivo incorporar ao patrimonio público municipal de Avión a praza da Igrexa de San Xusto e Pastor. Trátase dun espazo que pola súa singularidade precisa dun acondicionamento específico que, ao remate das obras, redundará na súa posta en valor e evitará a degradación urbanística e arquitectónica do contorno.

Grazas a este acordo, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas levará a cabo unha serie de accións concretas: a demolición do palco da música e dun almacén, a incorporación dun sistema de evacuación de augas pluviais e escorrentías e a implantación dos servizos básicos tanto de urbanismo como de mobiliario. Para estas obras, empregaranse materiais de características integradoras co contorno para deste xeito potenciar o carácter do rural.

Pola súa banda, o Concello de Avión comprométese a poñer á disposición do departamento que dirixe Agustín Hernández os terreos libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado. O Concello ourensán tamén realizará as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias e correrá cos custos xerados despois das obras. Pola súa parte, a Consellería de Medio

Ambiente, Territorio e Infraestruturas terá a obriga de financiar na súa totalidade a execución delas.

Así mesmo, 2.610 habitantes beneficiaránse das melloras que levará a cabo o Goberno da Xunta no seu concello, incrementando a súa calidade de vida. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio, e Infraestruturas realiza estes proxectos que pretenden mellorar os contornos urbanos, suprimir as barreiras arquitectónicas e potenciar os equipamentos públicos.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE ARQUEOLÓXICO DO MEGALITISMO DA COSTA DA MORTE, QUE AFECTARÁ 8 CONCELLOS

- *A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, ten previsto investir preto de 4 millóns de euros nos próximos cinco anos para a realización deste proxecto, que inclúe 15 enclaves megalíticos en oito concellos*
- *O Parque Arqueolóxico do Megalitismo da Costa da Morte formará parte da Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico (RGPA) xunto ao da Arte Rupestre de Campo Lameiro (Pontevedra), o da Cultura Castrexa de San Cibrao de Las (Ourense) e o do Mundo Romano de Lugo*

O Consello da Xunta declarou hoxe de incidencia supramunicipal o proxecto sectorial do Parque Arqueolóxico do Megalitismo da Costa da Morte, plan promovido desde a Consellería de Cultura e Turismo a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural dentro do programa da Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico (RGPA). Deste xeito, posibilitase o desenvolvemento deste plan que inclúe actuacións en 14 enclaves megalíticos e que afectará un total de 8 concellos. Para levar adiante este proxecto, a previsión da Consellería de Cultura e Turismo é investir un total de 3.976.000 euros, repartidos en cinco anualidades.

A Consellería de Cultura e Turismo considerou necesaria a declaración como incidencia supramunicipal desta área para facilitar a posta en marcha e desenvolvemento do Parque Arqueolóxico do Megalitismo, que deberá garantir a conservación e posta en valor desa manifestación cultural nas comarcas afectadas, posibilitando así a súa visita pública. Os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal teñen por obxecto regular a implantación de determinadas actuacións de indubidable incidencia territorial en materia de infraestruturas, dotacións e instalacións, tanto de iniciativa pública coma privada, que se asentán sobre varios termos municipais ou daquelas en que a súa incidencia transcenda o estrito ámbito local pola súa magnitude, importancia ou especiais características.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural levará a cabo actuacións de índole arqueolóxica e arquitectónica sobre cámaras megalíticas de varios termos comarcais para promover a difusión dos seus valores culturais. É evidente o seu carácter supramunicipal porque a protección e conservación destas manifestacións culturais contribuirá ao desenvolvemento local, á ordenación do territorio e a fomentar o desenvolvemento sustentable das zonas en que se ten previsto intervir.

15 enclaves en 8 concellos

O Proxecto Sectorial do Parque Arqueolóxico do Megalitismo engloba 15 enclaves megalíticos pertencentes a oito concellos da Costa da Morte, identificados na actualidade entre os de maior monumentalidade desta área xeográfica. A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural actuará nun total de 14 destes enclaves megalíticos:

- Pedra Moura de Aldemunde, no concello de Carballo.
- A Fornella dos Mouros, no concello de Laxe.
- Pedra de Arca, no concello de Malpica de Bergantiños
- Mina da Parxubeira, no concello de Mazaricos.
- Pedra Moura de Monte Carnio, Pedra Cuberta, Casota de Berdoias, Arquiña de Vilaseco, Pedra da Lebre ou de Serramo, Mina de Recesindes, Rabós (mámoas), no concello de Vimianzo.
- Casa dos Mouros ou Pedra da Arca, pertencente aos concellos de Dumbría e Vimianzo.
- Pedra Vixía, Arca da Piosa, no concello de Zas.

Dentro do Parque Arqueolóxico inclúese, así mesmo, o Dolmen de Dombate, no concello de Cabana de Bergantiños, que conta co seu propio plan director e que xa está sendo executado pola Deputación Provincial da Coruña

Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico

A Consellería de Cultura e Turismo promove como actuación prioritaria da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o programa da Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico (RGPA), plan que engloba diversas accións que se están a levar a cabo no ámbito da difusión, conservación e investigación do patrimonio arqueolóxico da nosa comunidade autónoma. A Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico contará con catro parques arqueolóxicos: o da Arte Rupestre de Campo Lameiro (Pontevedra), o da Cultura Castrexa de San Cibrá de Las en San Amaro/Puxín (Ourense), o do Mundo Romano da cidade de Lugo e o do Megalitismo da Costa da Morte (A Coruña).

Os parques arqueolóxicos da arte rupestre e da cultura castrexa, actualmente en execución, teñen prevista a súa inauguración para este ano 2010. O Parque do Mundo Romano atópase na fase de concurso de ideas para seleccionar o proxecto para a rehabilitación do Cuartel de San Fernando como centro de interpretación. A aprobación por parte do Consello da Xunta da incidencia supramunicipal do proxecto sectorial, constitúe o primeiro paso para que o Parque Arqueolóxico do Megalitismo da Costa da Morte poida ser unha realidade.

APROBADA A ORDE POLA QUE SE PODERÁN ANTICIPAR OS PAGAMENTOS DOS SERVIZOS SOCIAIS DOS CONCELLOS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe unha orde que permitirá que os concellos teñan á súa disposición desde o primeiro semestre do ano os cartos correspondentes ao denominado Plan Concertado*
- *Coa nova orde os municipios non terán que esperar ao último trimestre de cada exercicio para percibiren os pagamentos dos servizos sociais prestados*
- *A Consellería de Traballo e Benestar traballa nesta liña na elaboración dun novo decreto regulador das transferencias de financiamento en materia social*
- *Prevese que máis de 4.200 veciños se poidan beneficiar do crédito destinado ás axudas no fogar para persoas dependentes, preto de 21 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha orde a través da cal os concellos poderán recibir de maneira anticipada os pagamentos destinados a financiar a rede municipal dos servizos sociais comunitarios, un programa que ten como obxectivo axudar as localidades galegas de cara ao mantemento dos servizos sociais que ofertan os seus veciños.

A medida permitirá, desta forma, que os 315 municipios de Galicia poidan cobramento por adiantado nos seis primeiros meses do ano o que lles corresponde, practicamente o 100 por cento da subvención, e non ter que esperar ao último trimestre de cada exercicio para recibiren o pagamento dos servizos prestados ao abeiro deste plan.

En definitiva, trátase dunha actuación que permitirá aliviar a situación difícil que están a ter concellos en materia económica. Das 315 localidades galegas un total de 83 están agrupadas en 23 mancomunidades ou agrupacións de concellos para a prestación de servizos sociais comunitarios.

Desta maneira, o Goberno galego cumpre cun dos compromisos adquiridos coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) no pasado ano.

Mato afirmou que esta orde é o primeiro paso para axilizar no ano 2010 o cobramento das subvencións do denominado Plan Concertado, xa que lembrou que de forma paralela a consellería está a traballar na elaboración dun novo decreto que regulará as transferencias de financiamento en materia social.

Así mesmo, a titular do departamento autonómico avanzou que o Goberno galego destinará inicialmente un total de 47,5 millóns de euros ao denominado Plan Concertado no ano 2010, a través do cal os concellos sufragan servizos como o

programa de educación familiar, o plan de desenvolvemento ao pobo xitano e a axuda no fogar tanto para persoas dependentes como non dependentes.

Axudas a máis de 4.200 dependentes

A Consellería de Traballo e Benestar prevé que o crédito destinado ás axudas no fogar para as persoas dependentes, preto de 21 millóns de euros, poida beneficiar máis de 4.200 veciños.

O departamento autonómico sinalou a importancia do denominado Plan Concertado, non só porque a contía reservada pola Xunta servirá para manter un cadro de persoal de máis dun millar de traballadores, como por exemplo educadores sociais ou traballadores sociais ou técnicos superiores (os que se encargan na actualidade de prestar os servizos sociais nos concellos), senón porque, ademais, este ano se prevé que as subvencións cheguen a máis de 600.000 persoas á vista do número de beneficiarios que houbo en 2009.

A XUNTA E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA TRABALLARÁN A PROL DOS RECURSOS ZOOXENÉTICOS GALEGOS EN PERIGO DE EXTINCIÓN

- *O Consello autorizou esta mañá a sinatura dun convenio entre Medio Rural e Fundación Semana Verde de Galicia (FSVG) para tal fin*
- *A Xunta financiará, con 600.000 euros, estas actividades para o período 2010-2013*

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural a asinar un convenio de colaboración coa Fundación Semana Verde de Galicia (FSVG) para a promoción das actividades definidas no programa de recuperación, conservación e fomento dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia en perigo de extinción.

Coa sinatura deste acordo, a Fundación Semana Verde de Galicia deberá proceder á divulgación das razas, dos prototipos raciais das asociacións de criadores e das capacidades produtivas das razas.

Para cumprir tales obrigas, durante o ano 2010 organizaranse un certame monográfico profesional sobre a gandería e unha serie de actividades dedicadas a promocionar e difundir as razas autóctonas galegas e os seus produtos.

Directrices

O Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia, da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, dirixirá e coordinará tecnicamente estas actividades de divulgación das razas autóctonas de Galicia en perigo de extinción e das súas características produtivas.

Este convenio asínase cunha duración de catro anos, período 2010-2013, por un importe máximo global de 600.000 €, a razón de 150.000 € anuais. Esta cantidade está cofinanciada a través do *Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural* (FEADER) para os ditos investimentos.

Sen ánimo de lucro

A Fundación Semana Verde de Galicia é unha institución sen ánimo de lucro creada no ano 1991 e declarada de interese galego. Entre os seus fins está o de contribuír ao desenvolvemento do sector agrario galego; promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no campo agrario, alimentario, industrial e comercial; reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos estatais e internacionais e o impulso do Recinto Feiral de Galicia, situado no concello pontevedrés de Silleda, como un enclave estratéxico para o desenvolvemento socioeconómico da nosa comunidade autónoma.

MEDIO RURAL E A ASOCIACIÓN DE CRIADORES COLABORARÁN NA RECUPERACIÓN, CONSERVACIÓN E FOMENTO DO PORCO CELTA

- *O Consello autorizou a sinatura dun convenio entre a Xunta e a Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta (Asoporcel) con este obxectivo*
- *O Goberno galego financiará estas actividades con 280.000 euros para o período 2010-2013*

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural a asinar un convenio de colaboración coa Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta (Asoporcel) para a execución de determinadas actividades de recuperación, conservación e fomento da raza porcina porco celta.

En virtude deste acordo, Asoporcel deberá asesorar os criadores na selección e mantemento da variabilidade xenética dos rabaños así como prestar asesoramento na tipificación dos produtos do *Porco celta*.

Directrices

O Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia, da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, dirixirá e coordinará tecnicamente o Programa para a recuperación, conservación e fomento dos recursos zootécnicos autóctonos en perigo de extinción, que desenvolverá a Consellería do Medio Rural e Asoporcel.

Este convenio conta cun orzamento de 280.000 euros, a razón de 70.000 euros anuais, para o período 2010-2013. Esta cantidade está cofinanciada a través do *Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural* (Feader).

Asoporcel

Esta asociación de ámbito autonómico creouse no ano 1999 para dar cabida aos criadores, desenvolver os programas de conservación e xestionar o libro xenealóxico da raza porcina *porco celta*. Na actualidade, Asoporcel integra a totalidade dos propietarios de exemplares da raza.

A XUNTA PREVÉ CUMPRIR NO ANO 2009 O OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

- *As desviacións detectadas en maio na estimación de ingresos e gastos confirmáronse no peche do exercicio*
- *Comprobáronse sobrevaloracións de ingresos por importe de 609 millóns de euros e necesidades adicionais de gasto por 405*
- *Foron compensadas por políticas de aforro, a mellor xestión dos fondos europeos, recursos adicionais e a orde de peche*
- *A mellor xestión e control do gasto do actual Goberno evitou que houbera maiores desviacións.*
- *O Plan de Dinamización fronte á crise cumpriuse ao 90% no peche do exercicio*
- *O Plan de Investimentos Financeiros para 2009 foi integramente executado, e acadou preto de 235 millóns de euros*

A Xunta de Galicia cumprirá no ano 2009 o obxectivo previsto de estabilidade orzamentaria, segundo o Informe preliminar sobre o peche do exercicio presentado hoxe ao Consello pola titular de Facenda, Marta Fernández Currás, pese a que as desviacións detectadas en maio na estimación de ingresos e gastos se confirmaron a finais de ano.

As estimacións da Consellería de Facenda indican que no exercicio 2009 a comunidade cumprirá o obxectivo de estabilidade, que está marcado no 1% do PIB da autonomía, quedando por baixo da media estimada polo Estado para as comunidades, que é de 2,2% do PIB.

Con base nos datos provisionais, en 31 de decembro de 2009, a conselleira de Facenda puxo de manifesto que se cumprirá co obxectivo de estabilidade orzamentaria previsto para ese exercicio.

A execución dos ingresos e dos gastos orzamentarios axustouse ao previsto no orzamento inicial, grazas a que as deficiencias de estimación de ingresos e gastos detectadas ao inicio da lexislatura, que se confirman no peche, foron compensadas con recursos adicionais e cunha mellora na xestión dos fondos europeos na parte dos ingresos, así como polos aforros do Plan de Austeridade e da orde de peche pola dos gastos.

Así, pola parte dos ingresos, no peche do exercicio confirmáronse sobrevaloracións por importe de 609 millóns de euros. En concreto, 189 millóns afectaron os impostos indirectos, 28 de taxas e prezos públicos, 70 en desviacións dos ingresos do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e 274 millóns de euros do anticipo do anterior

modelo de financiamento autonómico denegado por resolución do Estado de 3 de decembro de 2009.

Menor capacidade de endebedamento

A isto hai que engadir a menor capacidade de financiar gasto a través do endebedamento previsto no orzamento –por 48,1 millóns de euros-, xa que non se cumpriu a previsión de evolución do PIB por unha estimación inicial irreal. Así, as previsións que manexa Facenda sitúan o PIB nominal no peche de 2009 no -2,5%, 6,3 puntos menos do estimado polo Goberno bipartito; mentres que o PIB real acabará o ano cunha caída do 3%, cando os orzamentos elaborados polo anterior Executivo galego calculaban un avance do 1,3%.

Estas minoracións foron compensadas con políticas de aforro, con aumento de certificacións de fondos europeos e o Fondo de Cooperación Interterritorial e con recursos adicionais.

Pola parte dos gastos, o pasado mes de maio estimáronse unhas insuficiencias orzamentarias de 485 millóns de euros. Neste sentido, os aforros do Plan de Austeridade e da orde de peche compensaron estas necesidades detectadas, que se evidenciaron no peche do exercicio.

Así, ao remate do ano 2009 confirmáronse necesidades de financiamento de gastos de persoal (116 millóns de euros en persoal sanitario, 20 millóns de persoal de xustiza, 9,7 millóns de euros en educación e 10 millóns de persoal de dependencia), investimentos para o novo hospital de Lugo (22 millóns de euros), gastos de funcionamento (5,2 millóns de euros para comedores escolares e 60 para farmacia hospitalaria), e transferencias correntes (1,2 millóns de euros en peaxe en sombra, 2,8 millóns para xustiza gratuíta, e pagamentos de atrasos de prestacións económicas da Lei de Dependencia por importe de 77 millóns de euros).

Ademais, houbo unhas necesidades de gasto a maiores de 73 millóns de euros no apartado de receita farmacéutica do Sergas; malia estas desviacións, grazas ás políticas de racionalización do gasto implantadas neste organismo, aforráronse máis de 50 millóns de euros sobre as previsións de xuño. Ningún destes gastos tiña soporte financeiro, polo que tiveron que ser satisfeitos con aforros noutras partidas. A mellor xestión e control do gasto do actual Goberno evitou que houbose maiores desviacións.

As deficiencias constatadas nas partidas orzamentarias de gasto non impediron ao Goberno a adopción inmediata de medidas de recuperación económica xa que a redución de gastos correntes e de investimentos non prioritarios levada a cabo no Plan de Austeridade xeraron aforros que permitiron financiar investimentos

productivos e gasto social xerador de emprego no marco do Plan de Dinamización contra a Crise.

Austeridade e loita contra a crise

En canto ao Plan de Austeridade, permitiu xerar aforros correntes por 144 millóns de euros, grazas á redución de gastos continxentes e á implantación de políticas de austeridade, salvagardando o gasto social e sanitario. Esta actuación resultou fundamental para que as carencias orzamentarias detectadas na parte do gasto corrente puidesen ser financiadas sen minorar os investimentos.

Respecto ao Plan de Dinamización fronte á Crise, aproveitou recursos por 125 millóns de euros –procedentes do Plan de Austeridade- para mobilizar 1.200 millóns de euros, e foi executado nun 90% co obxectivo de supor un impulso directo de cara á superación das dificultades económicas e a compensar dos seus efectos sobre as familias e as empresas. As actuacións principais foron o fomento do emprego, da produtividade e do tecido industrial, así como o apoio ás familias e á liquidez das empresas.

Pola súa banda, o Plan de Investimentos Financeiro, autorizado polo Ministerio de Economía e Facienda o ano pasado, foi executado de maneira íntegra e acadou case os 235 millóns de euros. A Xunta aproveitou o incremento autorizado polo Estado para realizar investimentos relacionados con infraestruturas e redes de transportes (por importe de 127,2 millóns de euros), de I+D+i e infraestrutura de acceso a TIC (por 47 millóns de euros), infraestruturas ambientais (por 55,7 millóns) e enerxéticas (por 4,8 millóns de euros).

Finalmente, a orde de peche, do 6 de novembro, estableceu as instrucións e os prazos de cerramento e contención de gasto de cara ao cumprimento do obxectivo de déficit, recollendo as excepcións previstas para a prestación de servizos básicos e o cumprimento do plan de investimentos produtivos e de medidas de dinamización contra a crise.

ECONOMÍA E INDUSTRIA PRESENTA O PLAN DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA 2010 PARA OBTENIR O MÁXIMO RENDIMENTO ENERXÉTICO E UNHA MAIOR EFICIENCIA NO GASTO PÚBLICO

- *O Instituto Enerxético de Galicia desenvolverá neste ano actuacións innovadoras para incrementar o aforro e a eficiencia enerxética e o uso das enerxías renovables tales como o desenvolvemento de proxectos piloto de coxeración nun hospital da rede pública galega, dunha planta de biogás a partir do aproveitamento dos residuos agrogandeiros ou de calefacción con biomasa*
- *A elaboración do Plan Enerxético Estratéxico de Galicia 2010-2015, no cal se recollan as liñas básicas de planificación do sector tras as consultas cos colectivos implicados, centrará boa parte dos esforzos para este exercicio*
- *O Inega propónse como obxectivo xeral en 2010 conseguir que a sociedade se involucre máis na tarefa de conseguir uns maiores niveis de aforro e eficiencia enerxética e de utilización das fontes de enerxía renovables para acadar un sistema enerxético galego caracterizado polo desenvolvemento sustentable*

A Consellería de Economía e Industria presentou ao Consello da Xunta os obxectivos fundamentais de actuación do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) para 2010, co cal se pretende involucrar activamente toda sociedade na tarefa de conseguir uns maiores niveis de aforro e eficiencia enerxética, así como promover a súa concienciación respecto á necesidade de optar polo uso das enerxías renovables de cara a acadar un sistema enerxético galego caracterizado polo desenvolvemento sustentable e baseado na protección do medio natural.

O Instituto, adscrito á Consellería de Economía e Industria, levará a cabo accións innovadoras como a posta en marcha dun Plan de Acción de Aforro e Eficiencia Enerxética na Administración pública galega. Da súa elaboración informouse hoxe o Consello da Xunta, e nel recolleranse un conxunto de actuacións que se desenvolverán para a obtención do máximo rendemento enerxético, así como as directrices de organización dos servizos que teñan incidencia no gasto de enerxía.

Esta actuación global será aplicable a todos os departamentos, organismos e entes dependentes do Goberno autonómico para obter, ademais dun maior aforro enerxético, unha maior racionalización e eficiencia no gasto público. Deste xeito, desde o Inega proporase que nas novas construcións da Xunta de Galicia se incorporen sistemas de aforro e eficiencia enerxética e que se utilicen enerxías renovables. Con este Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética preténdese fomentar o carácter exemplarizante que deben ter as institucións públicas de cara ao fomento do uso racional da enerxía entre o conxunto da cidadanía.

Plan Enerxético Estratéxico de Galicia

A elaboración do *Plan Enerxético Estratéxico de Galicia 2010-2015* centrará boa parte dos esforzos do Inega para este exercicio. Segundo se deu conta hoxe no Consello de Goberno, o obxectivo desta acción é establecer as liñas básicas e estratéxicas da planificación enerxética de Galicia, para o cal se establecerán consultas con todos os colectivos implicados no sector enerxético galego e se traballará de forma conxunta coa Consellería de Economía e Industria.

O aproveitamento das enerxías renovables terá un papel prioritario neste plan, establecendo o obxectivo de aumentar nun 60% a xeración eléctrica e nun 16% a xeración térmica a partir destas fontes. Ademais, a produción de electricidade con fontes renovables deberá permitir cubrir máis do 95% do consumo da nosa sociedade en 2015.

Outros proxectos de carácter innovador do Instituto que dirixe Eliseo Diéguez para este ano constitúeo o desenvolvemento dun proxecto de coxeración nun hospital da rede pública galega, que permitirá o seu abastecemento enerxético dunha forma sustentable ou o desenvolvemento dun proxecto para unha planta de biogás que permita xerar enerxía eléctrica e térmica a partir do aproveitamento dos residuos agrogandeiros.

Así mesmo, o Inega prestará asistencia técnica á Consellería de Medio Rural para a instalación de dúas caldeiras de biomasa forestal residual na que será a primeira actuacións con biomasa que se desenvolva en edificios da Administración autonómica; apoio a proxectos empresariais; auditorías enerxéticas en liña para as pemes; desenvolvemento do proxectos de enerxía sustentable local en colaboración con Portugal e outras actuacións como a elaboración dunha proposta de desenvolvemento de redes de transporte de electricidade e gas en Galicia para mellorar a distribución actual de varias zonas.